



CURSO VOLUNTARIADO SOCIAL 2011

CUESTIONARIO MÓDULO I: Introducción

1. O desenvolvemento do voluntariado en España con respecto ós países máis próximos ó noso entorno, foi:

Máis restrinxido

2. En 1985 a Asemblea Xeral da ONU (Organización das Nacións Unidas) proclamou o 5 de decembro como “Día Internacional do Voluntariado.”

Si

3. A filosofía do Voluntariado Social responde a toda unha liña de actuacións baseadas na:

Ámbalas dúas (Solidaridade; Cooperación e a participación activa dos individuos)

4. Entre as características definitorias do voluntariado están:

Persoas que comparten e definen intereses comúns

5. Os obxectivos do Voluntariado social son:

Ámbalas dúas (Promover unha conciencia crítica e solidaria entre a cidadanía; Desvelar as causas da pobreza e a exclusión social)

6. O voluntariado debe rexerse polos seguintes principios:

Ámbalas dúas (O máis destacado é o valor da presenza e da acción concreta; Busca razóns da exclusión social e loita por desterralas)

7. As motivacións básicas que soen sinalarse na acción voluntaria son:

A Solidaridade e Altruísmo

8. Valores que deben de estar presentes en todo acto de voluntariado:

Ámbalas dúas (Honestidade e aceptación; Entusiasmo e perdón)

9. Dentro das tarefas de Voluntariado podemos considerar:

Ningún dos dous (A animación cultural; Os grupos de axuda mutua)

10. Características da personalidade do voluntario que poderían dificultar a súa tarefa:

Incapacidade para aceptar o feito marxinal e o sufrimento.



CUESTIONARIO MÓDULO II : Normativa e lexislación en materia de voluntariado e servizos sociais

1. Previamente á regulación específica sobre o voluntariado, algunhas normas do ordenamento xurídico que dunha ou outra maneira afectaban ó voluntariado

Ámbalas dúas (Lei de Asociacións de 1964; Estatuto dos Traballadores)

2. As dúas normas básicas nas que se fundamenta o voluntariado

Carta Social Europea e Constitución Española

3. Ca Lei 3/2000, de 22 de Decembro, do Voluntariado de Galicia, preténdese:

Ámbalas dúas (Que recolla tódolos posibles campos de actuación do voluntariado; Que dite unhas normas comúns de aplicación a tódalas entidades de voluntariado)

4. O movemento voluntario en España:

Vive unha etapa de despregue e crecemento

5. Os obxectivos da Lei 6/1996, de 15 de Xaneiro, do Voluntariado:

Ámbalas dúas (Regular as actuacións dos individuos que se agrupan para satisfacer intereses xerais; Limitar o seu ámbito de aplicación ós voluntarios e ás organizacións de voluntariado que desenvolven programas estatais)

6. Nas Comunidades Autónomas a referencia normativa á materia de voluntariado podemos atopala nas:

Leis autonómicas de Servizos Sociais

7. A Lei galega do voluntariado fundamenta a súa regulación nos seguintes puntos básicos:

Ámbalas dúas (Deslindar o traballo voluntario de calquera forma retribuída de servizos; Garantir a liberdade do traballo voluntario)

8. Ós efectos da Lei galega do Voluntariado, enténdese por voluntariado o conxunto de actividades desenvoltas en áreas de interese xeneral sempre que se realicen:

Con carácter voluntario e libre

9. As actuacións de voluntariado poderán ter por finalidade:

Ámbalas dúas (Promover a defensa dos dereitos e intereses dos cidadáns; Contribuír a eliminar os obstáculos que impidan a igualdade, eliminando calquera tipo de violencia e favorecendo o avance da sociedade)

10. A actuación do voluntariado fundamentase nos seguintes principios básicos:

O respecto as conviccións e crenzas das persoas, loitando contra as distintas formas de exclusión.



CUESTIONARIO MÓDULO III: Deontoloxía da acción voluntaria

1. Os códigos éticos elaborados e consensuados polas entidades de voluntariado son:

Ámbolos dous (Código Ético do Voluntariado, elaborado nas Xornadas Voluntarias 1998; Código Ético das Organizacións de Voluntariado, aprobado o 18-11- 2000 na Asemblea Xeneral Extraordinaria da Plataforma para a Promoción do Voluntariado en España (PPVE))

2. O Código Ético do Voluntario podémolo considerar:

Unha valiosa carta credencial

3. Entre os Deberes do voluntariado cara os beneficiarios:

Potenciar o desenvolvemento integral como persoa do beneficiario

4. Entre os Deberes do voluntariado cara a organización:

Comprometerse de modo meditado, libre e responsable

5. Para a Plataforma para a Promoción do Voluntariado en España (PPVE), as organizacións de voluntariado teñen como fins:

Ámbalas dúas (Denunciar todas aquelas situacións que atenten contra os dereitos humanos, sociais e económicos.; Detectar as necesidades sociais do seu entorno e analizar as causas locais e globais que simultaneamente as xeran)

6. As organizacións de voluntariado deberán:

Potenciar a participación real e efectiva dos voluntarios no seno das súas organizacións

7. As organizacións de voluntariado promoverán, xunto con outros actores sociais, a xeneralización dunha cultura da coordinación e a complementariedade nas accións. Para conseguilo traballarán por:

Crear e potenciar redes de organizacións vinculadas a territorios e problemáticas comúns, fomentando o desenvolvemento do tecido social e asociativo

8. As organizacións de voluntariado manterán unha relación cos organismos públicos que sexa crítica e cordial, traballarase por:

A participación progresiva das organizacións de voluntariado na planificación, realización e avaliación das políticas sociais e, en particular, das políticas de voluntariado

9. Os criterios xerais que guiaran as relacións do voluntariado ca sociedade en xeral:

Comunicación e información constante cara o resto da sociedade

10. Todas as organizacións de voluntariado da Plataforma que subscribiron o Código Ético adquiriron o compromiso do seu cumprimento. Para garantilo creouse unha Comisión de Seguimento do Código Ético. As súas funcións:

Ámbalas dúas (Velar polo cumprimento do Código entre as organizacións de voluntariado subscriptoras; Elaborar recomendacións e propostas de traballo que se elevarán ós órganos directivos da PPVE)



CUESTIONARIO MÓDULO IV : Entidades e actividades do voluntariado

1. A acción voluntaria:

Dará resposta as demandas que tanto a nivel individual e grupal presentan os cidadáns a nivel socio -asistencial, socio -económico, socio - cultural

2. Tipos de modalidades de Asociacións voluntarias:

Ámbalas dúas (Grupos de voluntarios; Organizacións de axuda mutua)

3. As organizacións de axuda mutua:

O requisito esencial para a participación é o de compartir unhas características similares

4. Calquera que sexa a modalidade de asociación voluntaria teñen uns elementos comúns cas caracterizan:

Ámbalas dúas (Prestan un servizo humanitario e non lucrativo a Sociedade; Axudan a detectalos problemas, animando e educando a comunidade na participación voluntaria e / ou creando e xestionando obras de carácter social)

5. As entidades do voluntariado son definidas como:

Persoas xurídicas privadas

6. Os campos de acción do voluntariado:

Ámbalas dúas (Abarcan nestes momentos materias ou áreas tan diferentes como servizos sociais, saúde, deportes, cultura, xuventude, medio ambiente, etc; Afectan practicamente a tódalas áreas de actuación da sociedade)

7. Os principais obxectivos do Servizo de Apoio a rehabilitación e integración, son:

Apoiar a reincorporación de individuos a comunidade

8. Os destinatarios do Servizo Familia e Infancia, son:

Familias con problemáticas fortes, en alto risco de ruptura e desintegración, con grandes posibilidades de caer e xerar marxinación

9. Na área de Intervención na saúde, distinguimos:

Servizo asistencia-residencia

10. No Servizo voluntarios polo desenvolvemento de pobos do terceiro mundo, as labores do voluntariado son:

Ámbalas dúas (Alfabetización e educación como apoio a profesionais; Tarefas con xoves e menores)



CUESTIONARIO MÓDULO V: Metodoloxía da acción voluntaria

1. A acción voluntaria organizada realizase sempre:

A través de persoal voluntario que actúa como grupo cohesionado e como equipo de traballo

2. Entre as funcións do Equipo de Traballo serán:

Ámbalas dúas (Análise da realidade; Seguimento e avaliación)

3. A dinámica do equipo pasa por momentos fundamentais, o momento 1 (Centrifugo), fai referencia a:

A asignación de funcións

4. Un equipo de Traballo que funciona ben é unha suma de:

Ámbalas dúas (Técnicas e Actitudes; Condicións obxectivas)

5. Características de grupos cun bó funcionamento:

Comunicacións frecuentes e áxiles

6. Algunhas das fases do proceso de Toma de Decisións:

Ámbalas dúas (Comunicar a decisión ós demais; Sinalar e avaliar as alternativas posibles)

7. A toma de decisións pode facerse por:

Voto maioritario

8. A Técnica Análises das expectativas:

Ten por finalidade analizar as expectativas dos integrantes do grupo con respecto a tarefa e á relación entre as persoas

9. A Técnica «Role playing», desempeño de papeis:

É a representación «teatralizada» dunha situación real

10. Condicións para unha coordinación eficaz entre o voluntario e outros voluntarios ou profesionáis:

Ámbalas dúas (Definición clara dos obxectivos e das políticas xerais e de sector; Definición clara das tarefas e funcións de cada posto de traballo e de cada unidade organizativa, así como das liñas de autoridade e os respectivos límites de autoridade)



CUESTIONARIO MÓDULO VI: Habilidades de interacción e comunicación

1. Chamamos comunicación a:

As formas que desenvolve a xente para expresar o que queren dicirse o un ó outro

2. Unha conduta socialmente habilidosa:

Permite a unha persoa actuar en base ós seus intereses máis importantes

3. A conduta cognitiva é:

O que pensamos

4. O Comportamento de evitación ou resignación, é aquel que:

Esquiva situacións ou problemas ou os acepta en contra da súa propia opinión

5. O comportamento orientado cara a solución de problemas denomínase:

Comportamento asertivo

6. Características dos comportamentos sociais

Adquírense a través da aprendizaxe

7. Podemos considerar Habilidades Sociais Elementais

Escoitar

8. Elementos distorsionadores na comunicación verbal:

Ámbolos dous (O que se quere dicir; O que se dí)

9. No acto de comunicar está presente:

O corpo

10. Elemento que facilita a comunicación:

Empregar a comunicación non verbal acorde á mensaxe que transmitimos



CUESTIONARIO MÓDULO VII: Recursos e experiencias de voluntariado

1. Para que unha acción sexa voluntaria cumprirá tres condicións:

Desinteresada, intencionada e xustificada

2. O voluntariado de acción social é o que:

Pode desenvolverse na nosa cidade/localidade

3. Un dos fins primordiais do Voluntariado en Cooperación ó Desenvolvemento é:

A erradicación da pobreza

4. Voluntariado Persoas sen fogar ¿cómo axudalos?

Ofrecéselles acompañamento e axuda asistencial en albergues e comedores sociais

5. Enfermos mentais ¿cómo axudalos?

Ámbolos dous (Apoio as familias con Programas Respiro; Asesoramento xurídico e psicopedagóxico)

6. ¿Cal é o colectivo que mellor debemos coñecer antes de empezar a traballar?

Enfermos SIDA/VIH

7. A qué colectivo se o orientará na súa reinserción a sociedade, potenciando calidades fundamentais como a autoestima, a dignidade e a responsabilidade

O traballo cos presos dentro dos centros penitenciarios

8. Os Programas de Respiro para familiares realízanse dentro do voluntariado a:

Persoas con Discapacidade Intelectual

9. O Voluntariado de Apoio a Xestión das organizacións, divídese en áreas como:

Ámbalas dúas (Formulación de proxectos; Sensibilización e Comunicación)

10. ¿Qué tipo de voluntariado satisface as ganas de colaborar de moitas persoas que, debido o seu horario laboral ou as súas circunstancias persoais, non poden acudir a unha organización de voluntariado?

Voluntariado virtual